





pracas planas de difícil recoñecemento visual para fotograbado por impresión química, algunhas envoltas na propia proba de imprenta. Outras son pracas en relevo para impresión mecánica tradicional.

Na colección aparecen as imaxes do propio Salustiano Portela Pazos que publica un estudio e proxecto de catalogación da *Colección de Tapices da Catedral* (catro), o artigo de Vicente Risco sobre a historia do Castro de Cadelas, Castrocadelas (dez grabados), F. López Cuevillas describindo un ídolo cilíndrico do Museo de Pontevedra (cinco), F. Bouza Brey sobre restos arqueolóxicos prehistóricos na ría de Arousa, X. Filgueira Valverde sobre os maios, A. Taboada Roca sobre coutos e xurisdiccións.

Naquel tempo don Salustiano era o tesoureiro do Seminario, e o seu interese pola historia exténdese á súa bibliografía: o propio traballo co que entra no Seminario en 1926 é sobre os Irmandiños: *"Las Hermandades gallegas en el siglo XV"*, que máis adiante completará nun libro: *Galicia en tiempos de los Fonseca*, Santiago 1957. Tamén dedicará un estudio á Guerra da Independencia en Galicia nesas datas.

Outras das pracas non localizadas e de tema histórico tiñan que xirar entorno a estas publicacións, e así foi: outra delas ilustra dúas páxinas de F. Bouza Brey, *Notas de arqueología e folk-lore arousans, Monte e pedra de Meán*, na revista *Nós* ano IX, n.º 39 (15 marzo 1927) p. 14.

Don Salustiano traía experiencia editorial e publicadora que xustificaba ter traballado e conservado este material. Entre 1919 e 1920 sacou adiante en Santiago outra revista, *Ultreya*, en galego e castelán, tamén de cultura e historia galega e con informacións varias. Nesta revista publicará en galego un refraneiro popular da provincia de Pontevedra, en concreto da súa terra de Montes e Cotobade, onde ademais fora cura, sacerdote rural, moi activo, antes de vir á Catedral.


En *Ultreya* publica con él fray Atanasio López, importante historiador franciscano galego do tempo. No número 5 de 1919 temos notas sobre petroglifos e arqueoloxía galega na liña do que *Arquivos* sacará máis adiante, con material de imprenta igualmente.



A biografía de don Salustiano non termina (nin empeza) na cultura. Aínda que na súa formación sacerdotal as humanidades son connaturais, o seu ministerio sacerdotal comeza en san Andrés de Valongo, en Cercedo-Cotobade. Coma outros sacerdotes rurais dedica un esforzo notable ó

traballo social fundando un sindicato agrario e unha caixa rural de aforros. Son os primeiros anos do século XX. Anos despois aplicará esa experiencia á Acción Católica Femenina en Santiago, e Acción Católica e Doctrina Social da Igrexa en xeral. Na dita colección conservamos imaxes das mulleres protagonistas desta acción social na arquidiocese naqueles anos. Publica en 1910 un *"Catecismo Social"* e un traballo sobre *"León XIII y la Cuestión Social."* O mesmo ano que publica, sobre a Guerra da Independencia, en galego, *"O Cañón de Pau"* premiado nun certame de 1909.

Tamén se dedicará con esforzo ós Anos Santos que veñen neses anos: 1915, 1920, 1926 e seguintes. Será na revista *Ultreya* n.º 18 de 1920 onde saia unha reportaxe fotográfica sobre as peregrinacións especialmente dos arciprestados, peregrinacións masivas das parroquias típicas destes dous últimos séculos que se reunían no Obradoiro accedendo pola escalinata da fachada á Catedral.



Peregrinación de la Mahía, Primera del Año Santo.

Don Salustiano falece no 1976. O ano seguinte un traballo de reimpresión de imaxes da *Historia* de López Ferreiro nos da mostra da presenza desa colección de materiais que, décadas despois, se completaría coa colección de fotografía aportada dende a librería Porto, e que nos sorprende gratamente devolvéndonos unha biografía en imaxes que une ó amor á terra, á historia, como lugar das persoas na preocupación social e caritativa, na dimensión espiritual peregrinatoria, como bo cura galego que foi xa antes de deán.

Neste centenario senlleiro é un pracer na Catedral contribuir con estas pezas, como elas mesmas son testemuño das aportacións que relixiosos, clérigos e laicos cristiáns fixeron dende a súa fe, pero tamén dende o seu compromiso na caridade.

Coa gratitude a *Galiciana* e as hemerotecas dixitais que facilitan tanto o traballo de investigación e divulgación actual.

Francisco J. Buide del Real

